

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EMPREGO E SEGURIDADE SOCIAL

7582 *Corrección de erros da Orde ESS/1299/2013, do 1 de xullo, pola que se regula o procedemento de concesión do selo «Entidade adherida á Estratexia de emprendemento e emprego para a mocidade 2013-2016».*

Advertidos erros na Orde ESS/1299/2013, do 1 de xullo, pola que se regula o procedemento de concesión do selo «Entidade adherida á Estratexia de emprendemento e emprego para a mocidade 2013-2016», publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 164, do 10 de xullo de 2013, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 2, na parte expositiva, na fórmula promulgatoria, onde di: «...Na súa virtude, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e co informe previo da Axencia Española de Protección de Datos, dispoño:», debe dicir: «...Na súa virtude, co informe previo da Axencia Española de Protección de Datos e coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, dispoño:».

Na páxina 4, no artigo 5, último parágrafo, cuarta liña, onde di: «...impugnada en alzada ante o órgano superior xerárquico, de acordo co previsto no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro,...», debe dicir: «...impugnada en alzada ante a Secretaría de Estado de Empleo, de acordo co previsto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro,...».